

ACTUACIÓN NO ÁMBITO DA XESTIÓN DOS PARTES DA IT: PARTES DE BAIXA, CONFIRMACIÓN E ALTA MÉDICA EN PROCESOS RELACIONADOS CO COVID-19

Tanto nas situacións de enfermidade polos medios dispoñibles na historia clínica, como cando exista indicación da autoridade sanitaria/ servizo de prevención en caso de illamento, poderán ser emitidos os partes de baixa e de confirmación en tanto sexa necesario **sen a presenza física** da persoa traballadora.

Procede emitir o parte de baixa por enfermidade COVID-19 nos casos definidos polo Ministerio de Sanidade como confirmados polo que cando o facultativo responsable da emisión do parte de baixa constate por calquera medio clínico que o traballador está impedido para o traballo por presentar un cadro clínico compatible coa enfermidade, emitirá o dito parte e manterá o proceso de IT ata a resolución do proceso e que proceda a reincorporación laboral.

Cando se teña coñecemento do período de illamento/contaxio ou de enfermidade con posterioridade ao inicio do mesmo, emitiranse os partes con carácter retroactivo.

Ao tratarse dun tema de saúde pública, **debe evitarse por todos os medios que o traballador acuda ao centro de saúde** a xestionar os partes de IT por infección respiratoria aguda/ COVID-19, debendo facilitarse ao traballador os modelos de parte de baixa correspondentes ao traballador e á empresa a través do correo corporativo do Servizo Galego de Saúde de non existir outro medio seguro.

A subdirectora xeral de Inspección de Servizos Sanitarios

Inmaculada Martin Biedma